

Exp. Tecol: 2025/G001/004130

DECRETO

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

O día 19 de marzo de 2025, determinouse a nova organización da corporación e dentro da ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE e, en concreto, dentro da CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, atópase integrado un DIRECTOR XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo, de xeito que quedan adscritos á citada dirección xeral as unidades e os correspondentes postos de traballo que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e Oficina de Arqueoloxía; cuxo director xeral de urbanismo, don Hipólito José Ramón Pérez Novo, foi nomeado polo acordo número 2/28 da Xunta de Goberno Local do 7 de febreiro de 2024. O Director Xeral queda configurado como o principal órgano de colaboración especializado no desenvolvemento e execución das políticas municipais neste caso urbanísticas, con funcións de dirección, coordinación e xestión técnica do servizo e persoal asignado.

Visto o acordo número 7/116, da Xunta de Goberno Local do 26 de marzo de 2025 de delegación de competencias deste órgano colexiado na concellería de carácter específico de Urbanismo, Deportes e Xuventude.

Esta Alcaldía, á vista dos cambios acaecidos e do disposto no artigo 124.4.b) e k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da necesidade de afrontar o que resta de mandato coa debida organización e coordinación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o Decreto número 2840/2025, do 24 de marzo.

SEGUNDO.- Con carácter xeral, correspóndelle ao Director Xeral de Urbanismo, dentro do seu respectivo ámbito funcional e de responsabilidade, as funcións previstas no citado artigo 56 do ROMGA, en materia de urbanismo e nos distintos actos administrativos dictados e sinalados no corpo desta Resolución.

TERCEIRO.- Especificar como función propia da Dirección Xeral de Urbanismo a supervisión das propostas de resolución elevadas ao concelleiro delegado ou tenente delegado de área, de ser o caso, así como aos distintos órganos competentes, distintos dos anteriores (Xunta de Goberno Local ou Pleno) mediante a sinatura das mesmas xunto coa do xefe de servizo ou técnico correspondente e de ser o caso do Concelleiro Delegado.

CUARTO.- Déase traslado ao Servizo de Urbanismo.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Excmo. Sr. alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.